

Coque Malla e
As Tanxugueiras, na
Festa do Cristo 2022

Páxina II

Tensión de Mos e O
Porriño con Vigo polo
risco de seca en Eiras

Páxina III

Salceda mellorará
os camiños das
parroquias ao abeiro
do Plan Concellos

Páxina VI

Salceda de gala coa
XXVIII Festa dos Callos

Páxina VII

Tui aprobou o Plan
piloto da Axenda Urbana

Páxina IX

Fondos europeos para
modernizar a Praza de
Abastos da Guarda

Páxina X

Wifi no Arrabal de Oia

Páxina XI

Festas de setembro
en Ponteareas

Páxina XVI

Entrevista



Luis López Diéguez
Presidente do PP Pontevedra e
Delegado da Xunta de Galicia

**"As nosas prioridades
son recuperar a
Deputación e
asegurar as vitorias
de Feijóo e Rueda"**

Páxina XV

**Consorcio de Augas
do Louro garantiza
o subministro de
auga potable**

Páxina III



Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas



Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
grupoluco@covelo.cc

986 644 036
www.covelo.cc

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

LOURINHA

O PORRIÑO

Coque Malla, París de Noia e volta de clásicos como “Louro Valley Festival” para celebrar as Festas do Cristo no Porriño

O Porriño prepárase para celebrar as súas festas patronais e o fai por todo alto, cunha programación que abrangue 30 días e máis de 80 actividades.

As agardadas Festas do Cristo 2022 foron presentadas no salón de plenos do Concello polo alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, o concelleiro de festexos, Bienvenido Estévez, e os edís Abel Estévez e Antía Carrera, que estiveron acompañados por representantes do tecido asociativo do Porriño.

Coque Malla, Tanxugueiras, París de Noia e Gisela, entre outros

As Festas do Cristo volven cunha ampla proposta musical, gratuíta e para todos os públicos.

Entre os seus atractivos estará o concerto de Coque Malla, o venres 23 no exterior do pavillón municipal, Treixadura, o xoves 22 na rúa Domingo Bueno, as Tanxugueiras, o venres 30 ou Gisela e o seu espectáculo Concert Kids, o sábado 24.

Os amantes das verbenas poderán disfrutar de grandes directos con orquestras como París de Noia e América -o domingo 25-, M3 e Atenas -sábado 24-, La Dimensión e El Combo Dominicano -luns 26-, e América e Triunfo (sábado 1 de outubro).

Ademais súmase á celebración o Montando Cristo Festival -sábado 24- con bandas como Zalomon Grass, Inmates, Zona Zero ou The Broke.



A volta dos clásicos: Tes Talento e Louro Valley

Outro dos platos fortes do programa proposto polo executivo local é a volta de eventos tan reclamados como o concurso musical “Tes Talento?” ou o festival de djs “Louro Valley Festival” que se celebrará o venres 23 de setembro e cuxo cartel será presentado oficialmente nos próximos días.

Actividades para todos e todas

A programación a completa unha ampla proposta de actividades para todos os públicos con opcións como teatro, monólogos, espectáculos infantís como o concerto de “Uxía Lambona e a Banda Molona” ou “Petiscos de lingua”, deportes da man dos clubs deportivos da vila, cine ao aire libre ou monólogos como o de Pepo Suevos ou Arantxa Treus.

XXIX Festa dos Callos

O broche de ouro o poñerá como sempre a Festa dos Callos que chega á súa XXIX edición. Celebrarase o domingo 2 de outubro e o fará por todo o alto. A festa será presentada nunhas semanas, onde se desvelarán as sorpresas coas que conta este ano.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

O PORRIÑO

Consorcio de Augas do Louro garantiza o subministro de auga potable

O Consorcio de Augas do Louro, integrado polos concellos do Porriño, Mos, Salceda e Tui, reuniu ao seu comité na ETAP dos Valos, para asegurar a distribución de auga para fogares e industrias grazas a un sistema de bombeo e potabilización que permitiría garantir o subministro de auga apta para o consumo humano.

Na xuntanza estiveron presentes o presidente do Consorcio e alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o tenente alcalde mosense, Camilo Augusto, o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o concelleiro de Medio Ambiente de Salceda, Rubén González, e a directora de Augas de Galicia, Teresa María Gutiérrez López,



comprobaron de primeira man a autonomía da rede de abastecemento en caso de alerta por seca.

"O embalse neste momento atópase a un 81% de capacidade e cun consumo semanal do 3%, unha cifra que se engrosará notablemente unha vez o Concello

de Vigo se abasteza na súa totalidade do mesmo", explicou Lorenzo. Isto a diferenza de outros concellos, como o de Vigo, co embalse de Eiras por debaixo do 40%. Non obstante, de non darse choivas continuadas, a situación pode complicarse de cara ao outono.

Tensión de Mos e O Porriño con Vigo polo risco de seca en Eiras

Os alcaldes de Mos, Nidia Arévalo, e do Porriño, Alejandro Lorenzo, participaron na reunión convocada por Vigo con motivo do risco de seca na área abastecida por Eiras, amosando o seu "total desacordo" coas declaracións do alcalde vigués Abel Caballero de pretender 'culpabilizar' a estes Concellos sobre este tema.

Arévalo e Lorenzo consideraron que Caballero "busca o circo mediático e a confrontación política" toda vez "as administracións locais ás que representamos, asistiron con actitude constructiva e por respecto e coherencia" para "coordinar as actuacións precisas



para afrontar unha posible situación de seca".

Neste sentido informaron que "na nosa ETAP levouse a cabo unha auditoria para detectar e solventar as fugas, activamos o Plan de emerxencia contra a seca e aplicamos medidas de

redución de consumo dende hai dous meses". Consideraron tamén que na xuntanza debían ter participado todos os concellos que se abastecen de Eiras, como Soutomaior que non foi convocado, así como a Xunta de Galicia.

Tres patinadoras porriñesas proclámanse subcampioas do mundo



O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, recibiu no Concello ás patinadoras porriñesas Sara Hernández, Marta Cabaleiro e Tania Expósito, do CPA Ribex, que alzáronse coa prata na Copa do Mundo en Alemania, na categoría Grupos Show

Grandes.

O seu exercicio "Obsession" quedouse so por detrás dos dos italianos do Show Roller Team e o seu exercicio "Rebel Love". No terceiro posto finalizou o Braga Roller Team portugués, con "Together we stand".

Os Gladiadores volven ao Porriño



Velódromo Municipal do Porriño acolleu este 3 de setembro, o XV Dirt Track Xacobe Agra, unha carreira nocturna organizado polo motoclub Papaya en colaboración co Concello do Porriño e que reuniu

a 40 pilotos galegos e portugueses en modalidades adulto e infantil.

A proba desenvolveuse en eliminatorias por grupos con clasificatorias, repescas, semifinais e finais.

OPINIÓN

Por Xoán Carlos Caballero Alonso

Perico Feijóo, a gran esperanza branca

Prendo a televisión e vexo a Feijóo falando como un perico sobre como arranxar tódolos males que padece o país. Entristecido, polo mal que pinta todo, cambio de canle e na Catro sae a contertulia Cristina Cifuentes para opinar sobre un roubo cometido na vivenda dun famoso. Dou outro chimpco co mando e vese a Macarena Olona, que de Camiño a Santiago afirma que non descarta volver á política. Incrédulo zapeo de novo e atópome a Maggie Simpson que non para de vomitar mentres un sacerdote trata de facerlle un exorcismo. Homer superado pola situación berra “polo menos quedanos o alcohol”

Esta sucesión de feitos encadeados non pode ser fruto da coincidencia e pregúntome se algún ente intelixente adícase a enviar mensaxes vía satélite ou se son de novo os Simpson, que adiantándose aos acontecementos, mandan sinais encriptadas para evitar un futuro por eles coñecido.

Os terrícolas hispanos andamos moi emocionados co Efecto Feijóo, que está en alza, superando mesmo a tendencia al-



cista do gas. Curiosamente é nese mundo gasoso, no do fume, onde se sente cómodo don Alberto. A volatibilidade, o etéreo, tanto che digo unha cousa como che digo a outra ou donde dije digo, digo Diego, son, entre outras, habilidades nas que

destaca o “Gran Xestor” da intanxibilidade.

No terreo gasiforme o gas licuado é o que máis se cotiza. Atoparse de forma parcial en estado líquido facilita o seu transporte e transmisión. Feijóo debería dar o paso e comezar un proceso de transformación similar ao do gas licuado, e dicir, deixar o estado gasoso, pasar ao líquido e rematar converténdose nun político sólido, para que as súas obras poidan ser percibidas por tódolos sentidos. Xogar cos gases sen licuar a todas horas é un perigo e pode facer saltar polos aires o sono presidencial.

Derribos y Contradicciones Feijóo recortou na Galiza un 75% as axudas aos libros de texto pero ao goberno pídelles un cheque de 200€ para cada estudante. Dice ter un plan para rematar coa despoboación da España vaciada, pero dende 2010 somos 100.000 galegos menos. O uso do galego dende que é presidente non deixa de retroceder, pero di que somos a comunidade que máis empregamos a lingua propia. Propón medidas de aforro enerxético, que unha vez adoptadas polo goberno, xa non lle valen. Os bos datos do paro non son certos, están maquillados. Confunde prima de risco con tipo de interese. No programa dun referente do xornalismo como Bertín Osborne, cualificaba a Vox de ultradereita, pero a pesares de ser un moderado, non dubidaría en darlle a vicepresidencia do

país a Santiago Abascal.

Feijóo daría para un anuncio publicitario de deterxente. A gran esperanza branca, pura, inmaculada que, procedente do satélite Ariel, e cos poderes que lle da a arielita, pretende facer un lavado express de bilduetarras, bolivarianos, populistas, comunistas e nacionalistas, para que o goberno deixe de estar en mans destes inimigos de España. Por outra banda, cun suavizante concentrado para disimular os malos cheiros, un programa delicado, auga morna e un lixeiro centrifugado, lava a porcallada que o rodea.

Na política galega non houbo rival que lle fixese sombra. Tivo a sorte de non atoparse co home branco de Colón. Tampouco apareceron Don Limpio nin Pato WC por Compostela. En Madrid, se lle facemos caso as enquisas, ninguén atopa un antídoto para neutralizar o poder que obtén da arielita. Na capital, de cando en vez escoitase bear ao cordeiriño de Norit. Cada vez que a ovellina fai “beeeeee” con propostas de esperpento, Alberto estremece, e prega para que non o deixe quedar en ridículo ou cuestione o seu liderado.



Por Isidoro Gracia Plaza

A auga en Galicia - Hai que facer pantanos

(O artigo que segue foi escrito en 2008, fai 14 anos, froito dunha reflexión persoal. Se AUGAS DE GALICIA servise pra o que é a súa función principal, e a Xunta tomase as súas decisións pensando no futuro dos cidadáns galegos, había tempo para que hoxe, en 2022, as restricións de auga de boca fosen moito menores. Os gobernos do Sr Feijóo fallaron)

Xa sei que non é politicamente correcto soste a afirmación do título, pero non me resisto a tentar que as razóns, que expoño a continuación merezan polo menos o estudo dos responsables que teñen a obriga de tomar as decisións que garantan un futuro de benestar aos

galegos.

Razón a: o home como especie forma parte da ecoloxía, está acreditado que necesitamos do uso das tecnoloxías duras e intensivas e, en consecuencia, son partidario do seu uso, polo menos que alguén me convenza da bondade do método que habería que utilizar para seleccionar os millóns de persoas que sobrarían en Europa ou do grao de desenvolvemento do que debemos prescindir, no caso de renunciar a esa tecnoloxía.

Razón b: a auga é algo máis que un recurso, hai que valorala tamén como un patrimonio que aumenta día a día o seu valor e non só no económico. Non ten lóxica que o Galicia recollamos e regulemos

menos do 20%, o 10,5% si referímonos á conca Galicia- Costa onde se concentra o 70% da poboación e algunhas veces xa se pasa sede. Se queremos garantir un futuro confortable para os nosos fillos é imprescindible dominar o recurso e aumentar o patrimonio. Os galegos do futuro teñen dereito a beber e dispor de auga en cantidade e calidade suficientes.

Razón c: no conxunto de España, o 80% dos recursos hídricos destínanse á agricultura; en Galicia a cantidade hoxe non é significativa, pero si cúmprese unha pequena parte das previsións do cambio climático, as nosas necesidades aproxímánsense á media española. Os galegos do futuro teñen dereito a comer adecuadamente.

Razón d: somos extremadamente deficitarios en enerxía primaria, só dispomos das renovables, onde a hidroeléctrica é a de maior calidade. Por outra banda, como converter os parques eólicos en parte in-

tegrante dun sistema fiable sen unha capacidade de bombeo suficiente? Os galegos necesi-

tamos imperiosamente de toda a enerxía propia, para manter un mínimo de autonomía á hora das decisións sobre o noso desenvolvemento.

Razón e: ambiental. Alguén pode soste que un Kw. hidráulico impacta máis no medioambiente que un Kw. producido con carbón importado, todo o ciclo incluído? Ou que a auga embalsada non é un medio ambiente propicio para a vida?

Outro tema é quen ten que administrar ese recurso, segundo a miña modesta opinión: a participación de mans públicas é o máis conveniente e desexable, aínda cando non necesariamente sexa a Xunta.



Xosé González Martínez.

Bandeira con estrela vermella

En 1984 o Diario de Galicia publicaba a Lei de Símbolos de Galicia. Legalizábase un símbolo que viña de vello, incluíndo un brasón azul coroadado con sete cruces e un cáliz.

Con anterioridade, en 1937, Castelao fixera un deseño engadindo no centro da bandeira unha serea heráldica pertencente aos Mariño de Lobeira en Rianxo cun campo de prata que levaba unha estrela vermella de cinco puntas e unha fouce de ouro emprazada en vertical cun lema épico: “denantes mortos que escravos”. A proposta non pasou de ser utilizada máis que nalgúns publicacións.

Mais a incorporación da estrela de cinco puntas fora utilizada anos antes. Queda constancia desta utilización nunha acta de entrada e rexistro das autoridades gubernativas na sede do Partido Galeguista na pontevedresa rúa de Tetuán datada no 18 de decembro de 1934. O texto do documento di: “se incauta una colgadura con los colores de la bandera gallega en uno de cuyos vértices aparece una estrella de papel verde de cinco puntas”. Repárese que non é vermella.

En 1970, nunha convocatoria para celebrar o 1º de Maio na Porta do Sol de Vigo, un dos manifestantes desafiando

aos numerosos efectivos da Policía Armada e membros da Brigada Político-Social presentes, amosou fugazmente unha bandeira coa estrela vermella situada no vértice dereito. Aquilo quedou nunha anécdota que non se volveu repetir.



Ese formato nace nun contexto histórico. Despois da forte represión policial desatada en Agosto de 1975 que provocou o decapazamento da UPG, os partidos políticos empezaron a reunirse para artellar unha plataforma unitaria antifranquista. O Partido Comunista e outras forzas políticas minoritarias que o secundaban propugnanaban a restauración do Estatuto de Autonomía de 1936. A Unión do Pobo Galego, Partido Socialista Galego e Partido Social

Demócrata Galego, que constituíran o Consello das Forzas Políticas Galegas, presentado publicamente en xaneiro de 1976, opuxéranse por consideraren que aquel instrumento xurídico-político non era o axeitado para unha Galicia distinta nun mundo distinto.

Xosé Manuel Beiras nun dos seus últimos libros, “Retratos en fite” (Edicións Laiovento), dedicame un capítulo no que describe a súa versión positiva sobre as responsabilidades que tiveron no proceso de elaboración das chamadas “Bases Constitucionais”. Unha alternativa política innovadora auspiciada polo Consello de Forzas Políticas Galegas que foi presentado publicamente en xaneiro de 1976.

A inclusión da estrela vermella na bandeira que hoxe enarbolan todas as forzas nacionalistas, foi unha decisión persoal que tomei en solitario, concretamente a comezos de novembro de 1975. Aproveitando que un correo ía ir a Porto para entregarlle varias encomendas á nosa delegada naquela cidade, levou tamén o debuxo que fixera sen máis pretensións que a novidade da estrela enriba da franxa azul. Ao pouco tempo xa tiñamos aquí unha quincallada moi variada, propia da época, para divulgar dita bandeira en mecheiros,

insignias, chaveiros, etc. En febreiro de 1976 nunha convocatoria feita pola ANPG en Monforte de Lemos xa apareceron en formatos grandes.

Naquela altura propuxen tamén elaborar un himno, encargándolle a Antón Seoane o texto e partitura. No seu libro “De Voces Ceibes a Milladoiro” (Editorial Galaxia, 2013), conta así o relato: “Un dos primeiros que o escoitara fora o amigo Xosé González Martínez. Viñera “supervisalo” a miña casa de Fernando III en Santiago, e deseguido – sempre foi e é moi animoso – dérame os seus parabéns, e lembro que me dixera: Isto gustaríalle a Castelao”.

Aquel himno cantouse en moitas concentracións; mesmo foi gravado. A dirección política que me sucedeu decidiu substituílo pola “Marcha do Antigo Reino de Galicia” nunha versión instrumental do grupo español “Los Relámpagos”, coa protesta dos músicos integrantes do Movemento Popular da Canción Galega, segundo o relato de Antón Seoane.

Cada vez que vexo a bandeira galega coa estrela vermella de cinco puntas enarbolada por militantes das formacións políticas nacionalistas actuais rememoro con emoción esta intrahistoria que de maneira sumaria relato.



LOURINHA

Salceda mellorará os camiños das parroquias ao abeiro do Plan Concellos

A Xunta de Goberno da Deputación vén de conceder unha nova achega da Liña 1 de Investimentos do Plan Concellos 2022-2023 ao Concello de Salceda de Caselas, por importe de 115.625 euros, que lle servirá a este municipio para financiar a mellora de camiños municipais nas parroquias San Xurxo, Picoña, Entenza, Parderrubias e Budiño. As obras teñen por obxecto acondicionar estes viarios, que son

moi utilizados pola veciñanza das respectivas zonas.

Os camiños que se arranxarán sitúanse en dez lugares. Na parroquia de San Xurxo traballáronse nos situados en Cámara Agraria-Casás e Bouzavedra; na Picoña, faranse dúas actuacións en Pedrapinta; en Entenza actuarase na Pista do Cotello, Penedos-Eido de Arriba e na Costa da Prata; en Parderrubias executáronse obras nun cruce en Fontán e en Maceira,

e pavimentarase un tramo en Seixo Branco (Budiño). Na actualidade, segundo o proxecto do Concello, estes camiños se atopan pavimentados con aglomerado, pero presentan deterioro e existen zonas de terra que se asfaltarán, tanto en zonas de ensanche como en tramos de camiño completos. Nestas zonas estenderase e compactarase unha base de saburra artificial, previa á pavimentación definitiva.

SAT en outubro para O Porriño

O Servizo de Atención Temperá (SAT) comezará a funcionar no Porriño a partir do mes de outubro, unha iniciativa moi demandada pola veciñanza porriñesa. Este servizo foi posible a través dunha subvención da Consellería de Política Social no marco da Rede Galega de Atención Temperá. ACEESCA será a encargada da xestión do mesmo.

Este servizo permitirá a moitas familias ter a man unha guía profesional e interdisciplinar para tratar posibles trastornos do desenvolvemento psicomotor, cognitivo, da linguaxe e comunicación, da autonomía e da área so-



cial e afectiva nos nenos e nenas de 0 a 6 anos. O servizo instalárase en tres locais habilitados no

Pavillón Municipal: un para logopedia, outro para psicoloxía e outro para fisioterapia.

Mos celebrou a súa 32 edición da Festa da Terceira Idade con record de afluencia

O domingo día 28 de agosto celebrouse a tradicional Festa da Terceira Idade do Concello de Mos que nesta súa trixésima segunda edición acadou a maior afluencia da súa historia.

101 matrimonios foron o total de homenaxeados en Costoias, parroquia de Tameiga. Trátase de parellas, das dez parroquias moenses, que cumpren ou cumpriron os 50 anos de casados. A deste ano foi unha edición moi especial, xa que se homenaxeou tanto aos matrimonios que os cumpriron neste 2022, como nos dous anos previos, 2020 e 2021, e que



debido á pandemia non puideron celebrar.

Os actos celebrados foron: a partir das 12:00h Misa cantada pola coral Ventos do Val, seguida da Banda de Música Xuvenil de Torroso; a partir das 14:00h comezou o xantar, a cargo do Con-

cello para os matrimonios homenaxeados, quen tamén convidou a todos os asistentes a unha degustación de callos. A partir das 16:00 h tivo lugar a homenaxe aos matrimonios. A animación e o baile correu a cargo do grupo Club Naval.

Visita a empresa SRMC Automotive



A alcaldesa e concelleira de industria e emprego, Verónica Tourón, visitou a empresa SRMC Automotive situada no Cerquido, tras a invitación da súa Plant Manager Mónica Pita. Unha empresa que o ano pasado cumpriu 50 anos traballando no Concello

de Salceda.

Na visita tamén acompañaron á alcaldesa o HR Manager Óscar Failde e o Production Manager Benedicto Abalde. Coa dirección da planta puido coñecer, de primeira man, a situación actual da empresa e as súas principais necesidades e retos de futuro.

Ler conta moito no Porriño

O programa de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas promovido pola Xunta de Galicia en colaboración co Concello do Porriño ofrece este mes dúas actividades para achegar á veciñanza a lectura dunha maneira lúdica e atraente.

A primeira delas será o xoves 8 de setembro. A compañía Cultural activa trae á biblioteca "Superheroe", un espectáculo para toda a familia que combina maxia e comedia da man do prestixioso clown galego, Fran Rei. O espectáculo comezará ás 19 h.

A segunda será o xoves 15 de setembro, tamén ás 19 h. A compañía Larraitz representará "A festa dos monicreques". Con



poemas, cancións e sobre todo monicreques, contarannos moitas historias que nos farán rir e aprender.

Con estas actividades o Concello pretende reforzar o carácter de espazo aberto da Biblioteca Municipal, fomentar a lectura e, ao tempo, valor o libro como elemento de transmisión de coñecemento e de reflexión.

Obradoiro dual de emprego

O Concello de Mos ven de recibir subvención da Consellería de Emprego e Igualdade para o desenvolvemento dun obradoiro de emprego denominado "Queda en Mos".

Este Obradoiro está financiado

pola Consellería por un importe de 503.987 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o Emprego, para 20 alumnos traballadores, durante 12 meses, nas especialidades de carpintería e de marketing dixital e multimedia.

SALCEDA DE CASELAS

Salceda de gala coa XXVIII Festa dos Callos

Tras dous anos de pandemia, a tradicional Festa dos Callos volveu a Salceda coa súa XXVIII edición celebrada do 1º e 4 ao setembro cun formato "global e transversal" e unha edición "antinflación", en palabras do Concelleiro de Cultura e Festexos, Álex Rodríguez.

Para a alcaldesa Verónica Tourón, esta edición confirmou a "madurez" deste evento, toda vez amosouse "ilusionada" por ser esta a súa primeira festa dos callos como rexedora municipal.

O mestre cociñeiro Antonio Alonso, do Grupo Coren, informou que para esta edición repartíronse 20.000 racións de callos con prezos solidarios "antinflación", mantendo os mesmos prezos de edicións anteriores (8€



na feira e 6€ para levar) O programa desenvolveuse durante catro días con eventos na Praza do Concello e no Auditorio Municipal. Música e concertos con Rockeamos todas con Pakolas e o Dúo Souzar, animación de Animar-T e Charanga Nova Joma e remate da festa co monólogo

de Pepo Suevos, que foi tamén o encargado de ler o pregón.

Ademais do Grupo Coren, esta edición tamén contou co apoio Grupo Señorío de Rubiós, que presentou o seu viño Susón de Toro e tamén o Manuel D'Amaro, gañador da recente Festa do Viño do Condado en Salvaterra..

Rehabilitación do Centro Cívico da Devesa

O deputado de cooperación Santos Héctor Rodríguez visitou as obras de rehabilitación do Centro Cívico da Devesa, financiadas polo Programa Reacon da Deputación de Pontevedra, acompañado da alcaldesa Verónica Tourón e o equipo de goberno.

Na visita o deputado puido comprobar de primeira man, o bo ritmo no que se están a desenvolver ditas obras.

O novo Centro Social é un proxecto que pasa pola modernización dun inmoible que data de 1962 para cumprir non só toda a normativa en materia de accesibilidade, sostibilidade e eficiencia enerxética, senón para dar satisfacción ás necesidades sociais dun concello cun gran dinamismo, como demostran as preto de 50 asociacións culturais, deportivas e sociais existentes. Unha destas asociacións, a de Persoas Xubiladas, que conta con 600 socios/as, é unha das principais beneficiarias do Centro Social.

A modernización do Centro Social de A Devesa comezou co baleirado integral do interior,



deixando só os muros e a estrutura en pé. A partir de aí, a vella arquitectura está a dar paso a un interior accesible, máis saudable e concibido para o aforro enerxético. Crearase un vestíbulo principal no andar baixo para acceder con comodidade a un pequeno auditorio e unha zona de exposición exterior, ademais do almacén, sala de xuntas, cafetería, aseos.

Ademais, dotarase ao novo Centro Social de ascensor para eliminar as barreiras arquitectónicas ata o primeiro andar, onde haberá outra sala de xuntas, salas para o uso das asociacións

e aseos. Ademais, renovaranse tódalas instalacións térmicas e a envolvente térmica será cambiada actuando no forxado baixo cuberta, nos trasdosados interiores, carpinterías exteriores e tamén baixo o futuro solado. Sobre a cuberta, que tamén será completamente renovada, instalaranse paneis fotovoltaicos para reducir a dependencia enerxética. Por último filtrarase a radiación de gas radón cunha barreira de protección e unha soleira ventilada. A reforma conclúe coa mellora do acceso ao edificio e a instalación de expósitos luminosos na fachada.

Rehabilitación da Casa de Fontán para aluguer social



O Concello de Salceda de Caselas aprobou por unanimidade en pleno ordinario o proxecto da Rehabilitación da vivenda municipal en Fontán para destinala ao uso de aluguer social.

Este proxecto desenvolvido e impulsado dende a Concellería de Benestar Social dirixida por Ángela Ledo ten como finalidade cumprir con dous obxectivos fundamentais, rehabilitar os inmoibles de titularidade municipal, poñéndoo en valor e ao mesmo tempo destinalos para un uso social. A rehabilitación da casa de Fontán será de

carácter integral coa finalidade de cumprir con todos os requisitos de habitabilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética para dotar a vivenda da maior calidade habitacional.

O orzamento de reforma integral da vivenda ascenderá a 80.565,71 euros (IVE incluído), dos cales a Xunta de Galicia aportará 40.000 euros e o concello 40.565,71 euros. A execución das obras se realizará durante os anos 2022 e 2023 de forma bianual, tal e como marca a orde de subvención que financia parcialmente esta actuación.

III "Programa Mulleres" en Salceda, Salvaterra e As Neves



O Concello de Salceda inaugurou o seu terceiro 'Programa Mulleres' de promoción da igualdade, posto en marcha dende a Concellería de Igualdade que dirixe Loli Castiñeira.

O pasado 2 de setembro celebrouse no auditorio municipal o obradoiro sobre as mulleres con

discapacidade.

Salceda leva este programa de maneira conxunta con Salvaterra de Miño e As Neves coa realización de diferentes obradoiros. O Programa tamén ofrece os servizos de asesoramento xurídico, laboral, psicolóxico. Para maior información, o teléfono da Concellería de Igualdade 608 271 716

BAIXO MIÑO

TUI

Case 11.000 turistas e peregrinos visitaron Tui en agosto

A Oficina Municipal de Turismo do Concello de Tui atendeu durante o pasado mes de agosto a un total de 10.656. Como vén sendo habitual, a gran maioría dos turistas e peregrinos que visitan Tui son de procedencia nacional, coa seguinte distribución nas súas orixes: Madrid (1.944), Barcelona (667), Valencia (520), Zaragoza (311), Sevilla (314) e Alacante (301), chegando visitantes de todas as provincias españolas e da cidade autónoma de Ceuta. Pola súa banda os turistas internacionais proceden de Portugal (123), Francia (63), Alemaña (25), Reino Unido (22) e EEUU (12) amais doutros catorce países.

No que atinxe aos peregrinos,



a orixe dos mesmos é moito máis diversificada. Os españois chegan a Tui dende Madrid (291), Valencia (177), Alacante (138), Sevilla (124), Barcelona (82) ou Málaga (62) e doutras 37 provincias máis. Pola súa banda, os pere-

grinos internacionais proveñen de Italia (71), Alemaña (52), Portugal (29), México (21), EEUU (16) ou Polonia (12) e vinte catro países máis (algúns tan afastados como Nova Zelandia, Xapón, Taiwán ou China).

Tui potenciará o valor da contorna do Anxo en Pazos de Reis

O goberno de Tui vén de solicitar á Rede ÁGORA da Deputación de Pontevedra o seu respaldo para a execución do proxecto de acondicionamento da contorna da capela do Anxo en Pazos de Reis. O proxecto establecerá claramente a prioridade peonil ao tempo que completará a posta en valor dun espazo que xa o ten no centro do ámbito pero non no perímetro, mellorando a calidade xeral, tanto dende o punto de vista arquitectónico como ambiental.

O ámbito de actuación afecta aos viais que rodean a contorna da igrexa e a carballeira anexa que conforma o campo da festa con dous palcos da música xelmegos.

Os espazos proxectados estarán deseñados de xeito que garantan a accesibilidade universal e devolvan o uso principal do espazo público aos peóns, doten de espazos seguros e amables de estancia aos maiores e faciliten o seu uso por nenos e nenas de xeito autónomo. Ademais das melloras na mobilidade



e seguridade, esta intervención suporá un incremento notable da superficie peonil que pasa de 228m² a 838m², cun incremento de 610 m².

Entre os obxectivos do proxecto están a recuperación para o peón da parte norte do ámbito completa, dividíndose a parte sur nun ámbito de prioridade peonil en plataforma compartida na zona máis próxima á igrexa e máis estreita, mantendo o resto deste vial para tráfico con restrición de velocidade.

As actuacións, aínda que non afectan directamente a estas, inclúen tamén a conexión axeitada entre as dúas zonas verdes

situadas a ambos lados da igrexa, a maior onde se sitúan os palcos da música e a máis pequena onde se sitúa a fonte.

Proxéctase a substitución do firme, a dotación de mobiliario urbano e iluminación, entre outros traballos a executar.

O goberno de Tui avanza no cumprimento dos compromisos adquiridos non só coa Rede ÁGORA, tamén no Pacto das Alcaldías e vai dando forma a unha cidade máis sostible tal e como esixe a Axenda Urbana Española, da que Tui é beneficiaria ao ser un dos 121 concellos seleccionados para redactar o seu plan de acción de crecemento.

Reformas nos centros educativos de Tui



O Concello de Tui está a realizar nestes meses de vacacións escolares diversas obras de mantemento e mellora nos distintos centros educativos de Tui con fondos propios.

As obras executadas no CEIP de Guillarei este verán consistiron na construción dunha nova rampla de acceso para o parque público que se atopa a carón do edificio, e tamén se procedeu ao pintado de aulas, así como de lixado e tamén pintado de pasamáns nas zonas comúns do centro educativo.

O CEIP de Pazos de Reis, un dos máis antigos do Concello de Tui, as obras executadas consistiron no acondicionamento do patio dianteiro, con zona axardinada, e bancadas para o horto escolar. Tamén se procedeu ao

pintado de varandas, lixado e pintado de enreixados, e adecuación do patio de xogos traseiro con soleira de formigón e construción de escaleiras exteriores.

Nas aulas do Colexio Rural Agrupado Mestra Clara Torres procedeuse á substitución de toda a carpintería de aluminio e ao pintado da aula. A concelleira de Ensino, Sonsoles Vicente, sinala que "o espazo precisaba illamento térmico, xa que se creaba unha alta condensación debido a antiga carpintería".

Xunta de Galicia

Por outro banda, a Xunta de Galicia está a acometer obras en varios centros educativos de Tui. Así, destínanse a mellora da eficiencia enerxética 277.000 euro no CEIP Número 1 de Tui e 16.000 euros para a renovación de sistemas eléctricos no CEIP Randufe.

Tui acolleu o Campionato de España de Radiocontrol Térmico

Este 3 e 4 de setembro celebrouse en augas do río Miño en Tui o Campionato de España de Radiocontrol Térmico organizado pola Real Federación Galega de Motonáutica, en colaboración co Concello de Tui, a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra, a Real Federación

Española de Motonáutica e a Comandancia Naval do Miño.

Participaron 21 pilotos de Galicia, Valencia, Cantabria, Madrid, Castellón, Santander e Murcia en tres categorías 7,5 cc, 15 cc e 35 cc. Un dos pilotos galegos participantes foi Emilio Cadaveira, un referente no mundo da motonáutica.

Xornada Europea da Cultura Xudía

Tui súmase, un ano mais, á celebración das Xornadas Europeas da Cultura Xudía cun amplo programa de actividades do 1 ao 11 de setembro.

A programación deste ano destaca pola presenza dunha visita nocturna, á luz das candeas, pola historia do Tui xudeu e unha visita teatralizada arredor do patrimonio xudeu tudense. Completa o abano de visitas unha específica á colección de Sambenitos do Museo Diocesano.

Helena Madeira, cantante e arpista portuguesa será a protagonista da parte musical destas Xornadas cun concerto de música sefardí que terá lugar o 4 de se-



tembro na Praza do Pracer no conxunto histórico de Tui. Tamén haberán exposicións e Xornadas Gastronómicas sefardís.

A temática elixida para celebrar en 2022 a Xornada Europea da

Cultura Xudía en 35 países europeos foi RENACER, un concepto entretecido en moitos aspectos da vida e a práctica xudías, como é no sentido de recuperación do pasado.

Aprobado o Plan piloto da Axenda Urbana

Logo dun pleno extraordinario, a Corporación Municipal aprobou o Plan de Acción Local da Axenda Urbana, coa aprobación do Expediente de Modificación de Créditos 37/2022 para a ampliación e reforma do centro municipal de piragüismo Quique Míguez e a designación de festivos locais para o ano 2023.

O Plan de Acción Local da Axenda Urbana foi aprobado cos votos favorables do PSOE, PP, Ciudadanos, Convergencia 21 e En Marea, e cos únicos votos en contra dos dous edís do BNG. A



aprobación deste plan, unha ferramenta estratéxica para definir o presente e futuro da cidade en todos os seus eidos, supón que

Tui se converta en cidade pioneira en España na aprobación da súa Axenda Urbana.

A Oficina de Turismo de Tui acolle unha exposición de Rosa M^a Vila

A Oficina Municipal de Turismo de Tui, no Paseo da Corredoira, acolle até finais de setembro unha mostra de cadros da tudense Rosa M^a Vila. Realizados en plumilla e acuarela retrata distintos lugares do conxunto histórico coma o túnel da Misericordia, as rúas San Telmo ou Entreforos, o pórtico da Catedral ou o Paseo da Corredoira, xunto a outros lugares coma a cruz do Monte Aloia ou a vella Ponte Internacional. Amais presenta dous óleos un dunha pano-

rámica da cidade dende a beira portuguesa do Miño e outra dun tramo do sendeiro dos muíños do río Tripes.

Estas obras forma parte dunha colección realizada pola artista tudense co obxectivo de editar un libro que até arestora en proceso. "Son todos recunchos de Tui traballados a plumilla con tics de acuarela" segundo explica a propia Rosa María Vila.



A mostra pódese visitar até finais de setembro no horario de apertura da oficina de luns a domingo de 9.30 a 14.00 h e de 16 a 19 h.

Tui inviste 50 mil euros en comedores escolares



Dous centros educativos de Tui, o CEIP de Caldelas e o CEIP de Randufe, estrearán no curso escolar 2022/23, que está a piques de comezar, novas instalacións para o comedor escolar grazas a un investimento de 50.000€ do Concello.

O alcalde Enrique Cabaleiro

e a concelleira de Ensino, Sonsoles Vicente, visitaron o estado das reformas que contemplaron dende a instalación de falsos teitos, luminarias, renovación da carpinte iría de aluminio así coma a instalación de módulos de cocina, seguindo a normativa que regula os comedores escolares.

Éxito absoluto na X edición do IKFEM en Tui e Valençá



AX edición do IKFEM con actuacións musicais na Ponte Internacional de Tui e da Eurocidade Tui-Valençá do Minho pechou cun éxito absoluto con dez concertos ao ar libre.

Destacaron as actuacións de "Isto é Rock" do xornalista e escritor Javier Becerra e a guitarrista Carolina Rubirosa, acompañados ao piano por Diego Rois, interpretando éxitos de

Chuck Berry a The Beatles, pasando por Jerry Lee Lewis e Aretha Franklin. A cantante Dani tamén actuou no Paseo Fluvial de Tui presentando o seu primeiro álbum "Vinte", inspirada en cantantes como Jane Birkin ou Janette.

O evento serviu tamén para valorizar o patrimonio da Catedral de Tui, a Fortaleza de Valençá, Jardim Municipal e o Paseo Fluvial de Tui.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Fondos europeos para modernizar a Praza de Abastos da Guarda

O Concello da Guarda obtivo financiamento europeo tras presentar, a principios de agosto ante o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, un proxecto integral de apoio ao comercio establecido no seu mercado municipal, solicitando unha axuda de 261.172€ procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A intervención ten como obxectivo converter o mercado municipal, un referente en calidade, nun espazo para a cohesión social



que actúe como tractor do comercio minorista, e en definitiva como dinamizador económico para o resto do comercio local.

A Guarda alerta sobre risco de seca

O Concello da Guarda pediu á veciñanza o uso responsable do consumo da auga ante a posibilidade de seca, fomentando así mesmo campañas de sensibilización cidadá. No presente ano hidrolóxico, que comezou o 1 de outubro de 2021, as precipitacións estiveron un 40% por debaixo da media histórica. A Xunta anunciou en abril a situación de prealerta hidrolóxica na demarcación hidrográfica Galicia-Costa, na que se atopa unha parte do Concello da Guarda. O Concello redactou igualmente en 2021 o "Plan de Seca do concello da Guarda".

O concello da Guarda tamén



solicitou unha subvención para realizar unha auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga, subvención concedida por Augas de Galicia cun importe de 8.000 €.

No que se refire á procedencia

e cantidade de auga que se consume: dende mediados de xullo o consumo medio na rede municipal de auga é de 2.450 m3/día. O concello da Guarda está recibindo do Consorcio de Augas do Louro unha media de 550 m3/día.



A Guarda celebrará a gran festa das asociacións

O 10 de setembro, A Guarda celebrará a IV edición da Mostra Asociativa na Praza Avelino Vicente, con stands das entidades que difundirán as súas diversas actividades como xogos, obradoiros, música, canto, baile e sorteos, entre outros. O broche final es-

tará protagonizado pola baixada de Carrilanas en A Gándara.

Por outra banda, o Concello da Guarda, a través do Plan Rehabilita, organiza os días 16 e 30 de setembro e 14 e 28 de outubro xornadas de asesoramento enerxético individualizado para a eficiencia enerxética de fogares e empresas.

A obra de teatro "Crónicas do Paraíso" presentase na Guarda o venres 9 de setembro

O venres 9 de setembro a compañía Sabelab Teatros presenta "Crónicas do Paraíso" ás 21:00h no Auditorio de San Benito.



Nesta obra de teatro, creada e dirixida por Gonçalo Guerreiro, Madame de Nancy, Clarina e Xan Dorne viaxan cara ao funeral de Madame de Quelven acompañados polo clérigo Sochantre. Durante a noite que

pasan xuntos confúndese a morte coa vida e o drama coa comedia.

Sobre o escenario interpretarán os actores Sabela Gago, Fernando Dacosta, Fina Calleja Fran Lareu e Elena Seijo

**forjados
hinos. duran s.l.**

www.forjadosduran.com

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Avda. de Galicia, 4 - 1º. Tlf: 675 088 316
info@academiatiempos.es

PONTEAREAS

A GUARDA

As Festas do Monte Trega liquidan 109 anos de romaría e preparan a 110ª edición

Por Juan Louzán

Tras dous anos de pandemia parcial, dado que algúns eventos leváronse a cabo de forma íntima e persoal, sobre todo ás 21 bandas mariñeiras romperon o peito nunha pelexa conmovedora e nostálxica contra os bombos, panderetas e caixas.

Atrónador ruído tanto no desfile do sábado 15 de agosto como na invasora desfeita do domingo 16. Sobre as dez da noite a baixada do monte por unhas dez mil personas causaba a impresión dun

batallón militar formado con uniforme branco manchado de viño tinto, simbolizando os bos caldos da terra mais a desbordante ledicia e agarimo por unha sociedade civil traballadora e de bos sentimentos.

Era a semana grande dos guardeses, hermanados con os camposinos, salcidentes, Tabagón, San Miguel, A Gándara e todas as parroquias e municipios dende Tui ata Caminha. O Xantar na cume do Monte Trega era unha proba de que compartir comida, bebida e gaitas e bombos tras 109 anos de vida non son unha mi-

ragre senón historia e raigame. Non é só festa e baile, é tamén cultura e deporte, feira e presentación de libros. Xadrez. Concerto musical e folclórico. Escola de bogar, paseos a toda vela no volanteiro Pioeiro.

Pero o novo e grande compromiso está para o ano que vén: a 110ª Romaría. As boas e grandes cabezas pensantes queren e buscan a maior participación cidadán posible para aportar economicamente todo o que poidan, sobre todo grandes e pequenas empresas, co fin de facer un evento único e grandioso.



A Guarda acolle o ciclo de Música Antiga no Camiño Portugués

No marco do ciclo “Un camiño ben temperado” Música Antiga no Camiño Portugués, o Concello da Guarda, Joao Janeiro ofrecerá un concerto de Clavecín o día 9 de setembro ás 20:00h na Igrexa Parroquial da Guarda.

Este ciclo é unha aposta da Orquestra Clásica de Vigo que procura xerar un espazo de troco e posta en común arredor da interpretación historicamente in-



formada do repertorio ibérico e as súas ligazóns co exterior. Consta de cinco concertos de artistas das dúas marxes do Miño que busca poñer en valor este pasado musical común, así como a súa proxección internacional, tomando como referencia o traballo da ESMAE da cidade do Porto como centro artístico na actualidade, no que conflúen o patrimonio e a historia galega e portuguesa.

A oficina de turismo da Guarda camiña cara un modelo dixitalizado



A oficina de turismo da Guarda beneficiarase da aposta que a Deputación de Pontevedra fai por implantar un modelo de oferta turística integral e dixitalizado na rede Info Rías Baixas, á que está adherida. A oficina da Guarda renovará o modelo de atención ás persoas visitantes ao incorporar elementos dixitais e impulsar así o sector turístico na provincia.

Máis polo miúdo, a oficina da Guarda mergullarase no mundo dixital ao abeiro do programa Tourist Inside, que conta con financiamento europeo xestionado polo Goberno do Estado. E farao coa instalación dunha pantalla de 55 polgadas que ofrecerá información ás e aos visitantes a través da interconexión coa rede Info Rías Baixas. Ademais, o in-

terior desta oficina albergará unha tableta na que se poderán realizar enquisas de satisfacción. A dixitalización da oferta turística propagarase tamén polo municipio da Guarda coa colocación de 19 “beacons”, unhas balizas electrónicas que transmitirán información de interese aos móbiles das e dos visitantes a través da tecnoloxía bluetooth.

Máis de 5.000 visitantes

A Guarda acadou no que vai de ano a cifra de 5.018 visitantes, chegados na súa maior parte (64 %) de diversos puntos do Estado entre os que destacan as e os turistas de Madrid (26 %), Araba ou Badaxoz. No que atinxe ao turismo estranxeiro (36 %) detectouse unha maior presenza de visitantes de Alemaña, Estados Unidos ou Portugal.

O Plan ReacPon permitirá á Guarda ter un “novo” pavillón da Sangriña

O Pavillón da Sangriña está a ser obxecto dunha ambiciosa reforma e ampliación. As obras contan cun orzamento de 1.870.667 euros, dos que a Deputación aporta 609.672 euros a través do Plan ReacPon.

As obras, que estarán rematadas cara finais deste ano ou comezos do próximo, darán un xiro de 360 graos ao pavillón que medrará tanto ao longo -co engadido dunha nova bancada na parte posterior- como ao ancho -coa execución dunha zona de circulación na parte superior, que permitirá un acceso máis



cómodo e controlado. E modernizarase coa reforma interior das súas instalacións nas que albergará seis vestiarios -un accesible, un para árbitros/as e outros catro xerais-, unha zona para espectadores/as en cadeira de rodas, unha área de prensa, un espazo de enfermería e de control

antidopaxe e unha cantina. Ademais, as actuacións permitirán aumentar o aforo do pavillón nun 48%, o que suporá a posibilidade de reunir nel ata a 700 persoas sentadas.

Os fondos provinciais tamén servirán para acometer melloras no revestimento exterior do pavillón ao facer que A Sangriña conte cunha nova cuberta e fachada. Esta última contará con dúas alturas e permitirá a entrada controlada de luz e na zona principal deseñarase un volume de formigón que acollerá un novo acceso, a cantina e a zona de vestiarios e aseos accesibles.

BAIXO MIÑO / VAL MIÑOR

Wifi aberto no Arrabal de Oia

O Concello de Oia vén de implantar unha rede WiFi municipal en varios puntos do barrio histórico do Arrabal e a súa contorna. O servizo está xa en funcionamento e permite acceder, de xeito sinxelo, seguro e gratuito, a unha conexión a internet de banda ampla.

Esta acción enmárcase no pro-

grama europeo WiFi4EU, unha iniciativa dotada con 15.000 euros e financiada pola Unión Europea, que promove o acceso libre dos cidadáns á conectividade de banda ampla en espazos públicos coma parques, prazas, edificios oficiais, bibliotecas, centros de saúde ou museos de municipios de toda Europa.

O proxecto permitiu dotar de

conectividad WiFi de banda ampla en diferentes localizacións da vía pública, concretamente na contorna do Mosteiro de Oia e distintas zonas do barrio do Arrabal. Despregáronse un total de 10 puntos de acceso WiFi de exterior que, a través da rede de nome "WiFi4EU", ofrecen un acceso a internet de calidade aberto á veciñanza e tamén a visitantes.

Festival do Rei Sol en Oia

A Asociación de Veciños de Viladesuso, en colaboración coa Comunidade de Montes, organizaron o Festival do Rei Sol na contorna do Castro de Cano dos Mouros en Oia, un

evento cultural e divulgativo do patrimonio arqueolóxico e etnográfico.

O evento contou coa participación da agrupación de gaitas A Fiada de Viladesuso, así como

con actividades de fomento da tradición oral, musical e etnográfica da Serra da Groba, xogos populares, contacontos, teatro con "O mellor de cada casa" e música folk a cargo de Zurrumalla.

Rastro familiar "MercadiYO" en Sabarís

O lema co que naceu esta iniciativa define claramente o MercadiYO, Festa da reciclaxe de Sabarís, Baiona: "o que a ti che sobra, outros o necesitan". Baixo esta filosofía, as e os participantes expoñerán nos seus postos todo aquilo que se adoita gardar no

faiado. A cita, o domingo 18 de setembro, desde as 11:00 ata as 21:00 horas, ao longo da avenida Julián Valverde.

Esta actividade está dirixida a particulares, familias que desexan facer limpeza e desfacerse de todo aquilo que xa non usan e que, probablemente, nin lembra-

ban que o tiñan gardado nalgún recuncho. As persoas interesadas en participar, so teñen que poñerse en contacto coa Asociación de Empresarios e Comerciantes do Val Miñor, OVALMI, antes do 13 de setembro, no teléfono 986 36 67 30 ou a través do correo administración@ovalmi.com.

Nigrán e Baiona amplían o servizo de socorrismo

As praias de Baiona e Nigrán contarán con servizo de socorrismo ata o 15 de setembro e non só ata o 31 de agosto (como ven sendo habi-

tual e estaba previsto).

Así, Praia América seguirá contando con 3 postos de socorrismo repartidos entre Louridozona central e Panxón, e Patos

cun posto. Estes estarán operativos de 12:30 a 20:00 horas e atendidos como mínimo por 2 socorristas e 2 voluntarios de Protección Civil.

101 aniversario do "avó de Oia"



O home de maior idade de Oia, Abel Diego Acevedo, cumpriu o 27 de agosto os 101 anos cheo de saúde e ledicia. Natural de Acevedo (Loureza), este veciño de Burgueira celebrou esta data tan especial na compañía dos seus seres queridos.

A alcaldesa, Cristina Correa,

e máis a tenente de alcalde, Carmen María Estévez, visitaron na tarde do sábado ao "avó de Oia" para felicitalo polo seu 101 aniversario e facerlle entrega dunha torta. Abel celebrou a súa homenaxe rodeado da súa familia: leva máis de 70 anos casado e ten 2 fillos, 5 netos e 4 bisnetos.

Aberto o prazo para a Aula de Acollida en Oia

O Concello de Oia abriu o prazo de inscrición do programa Aula de Acollida, un servizo de conciliación laboral e familiar para o curso escolar 2022-23, que remata o 6 de setembro.

O programa desenvólvese nunha das aulas do centro CEIP Mestre Manuel García. A folla de matriculación deberase presentar

no Rexistro Xeral do Concello. O prezo do servizo é de 30 euros ao mes (con almorzo) e de 25 euros ao mes (sen almorzo), agás no caso de subscribirse ao programa máis dun irmán. O Concello tamén pon a disposición das familias a posibilidade do uso do servizo por días soltos, con tarifas de 2,50€/día (con almorzo) e 2,00 € (sen almorzo).



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

María Alonso Seisdedos, gañadora do Premio Plácido Castro de Tradución

Reuniuse o 2 de setembro en Cambados o xurado da XXª edición do Premio Plácido Castro de Tradución, acordando outorgar o premio Plácido Castro 2021 á tradutora María Alonso Seisdedos pola obra Canto jo i la muntanya balla/Canto eu e a montaña baila, de Irene Solá.

Con 44 traducións literarias dende 1980 ata a actualidade, María Alonso Seisdedos traduce do inglés, alemán, castelán e catalán. Tivo o Premio Nacional á mellor tradución de 2014 e tamén o Premio Xela Arias.

O xurado estivo integrado por D.ª Olga López López (Xunta de Galicia), D.ª Beatriz Fariñas (Aso-



ciación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación), D. Ramón Caride Ogando (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega), D. Alberte Álvarez Lugrís (Departamento de Tradución da Universidade de Vigo), D. Xavier Senín Fernández (Real Academia

Galega), D. Xulio Ríos (Presidente de Honra do IGADI), quen actúa en calidade de secretario do xurado en representación da Fundación Plácido Castro, con voz pero sen voto.

O Premio Plácido Castro de Tradución está dotado con diploma e unha peza escultórica denominada "Babelio" deseñada expresamente para o concurso por Xaquín Chaves. A dotación económica, de 2.000 euros, é procurada pola empresa Lugar da Santiña, baixo a xerencia de Paco Feixó. A cerimonia de entrega do premio terá lugar o próximo 30 de setembro, Día Internacional da Tradución, no concello de Vilagarcía.

A Deputación organiza dez visitas escenificadas a cinco castros da provincia

Setembro e outubro chegan cargados de historia e patrimonio coa volta dos programas culturais da Deputación, "Historias Cavadas" e as Rutas de Arquitectura, que ofertarán un total de 440 prazas para que a veciñanza poida coñecer e desfrutar das visitas por espazos singulares do territorio abertas a todos os públicos.

Tralo éxito o pasado ano da primeira edición, "Historias Cavadas" desenvolverase desde o vindeiro día 9 ao 29 de setembro, con novas visitas escenificadas para escavar na memoria dos castros da provincia. Este ano

ampliáanse a cinco xacementos e de novo será Troula Animación o grupo encargado de darlle vida a estes espazos, con representacións dirixidas ao público familiar que terán lugar no Castro de Castrolandín (Cuntis) os días 9 e 23 de setembro (18.00h); o Castro dos Cubos (Monte Aloia, Tui) os días 16 e 17 de setembro (18 e 12 horas respectivamente); o Castro do Monte do Facho (Cangas) os días 10 e 17 de setembro (19 horas); o Castro de Troña (Ponteareas): 25 e 29 de setembro, (12 e 17 horas) Castro da Lanzada (Sanxenxo): 11 de setembro (2 sesións: 12 e 17 horas).

As visitas serán accesibles e inclusivas, e a través de dous personaxes, unha castrexa e un romano, a actividade abordará a rica historia dos castros desde unha perspectiva cómica.

A Deputación duplicou este ano as prazas (serán 300), cun tope de 30 persoas por cada unha das sesións. As inscricións deben facerse no enderezo electrónico historiascavadas2022@gmail.com. Só se poderá reservar para unha visita e na solicitude indicarse o nome do castro e a data da visita, o nome completo das persoas participantes (4 prazas como máximo) e un teléfono de contacto.

XXXVII Romaría de Santa Baia en Ribadumia

Celebrouse na Carballeira de Ribadumia a presentación da XXXVII Edición da Romaría de Santa Baia, que terá lugar aquí o vindeiro 4 de setembro. Ao acto acudiron David Castro, alcalde do municipio, representantes e concelleiros do goberno local e tamén os representantes da comisión organizadora desta celebración.

O evento celebrará a procesión coa compañía da Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia e o grupo de gaitas 'Os Carballeiras'



Rutas dos "Bosques terapéuticos" en setembro

Esgotáronse en cuestión de horas as 200 prazas dispoñibles para os oito percorridos da ruta dos "Bosques terapéuticos" ofertados pola Deputación de Pontevedra para este mes de setembro.

As rutas de setembro comezarán o sábado, día 3, polos Salóns do Lérez (Pontevedra) e continuarán ao día seguinte pola Ruta de Pedra e da Auga en Meis. O día 10, os baños de bosques pasarán pola Senda do Almofrei (Cerde-

do-Cotobade) e a primeira data para o río Eifonso, espazo natural de Bembrive (Vigo) será o domingo 11 de setembro. A quenda da Illa de Tambo (Poio) chegará o día 17, mentres que o domingo 18, a ruta transcorrerá nos paraxes do Carreirón (A Illa de Arousa). O sábado 24 a actividade terá lugar pola ponte colgante do Lérez, nos concellos de Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, para concluír o domingo 25 na segunda data da ruta no río Eifonso.

Deputación lanza programa de emprendemento e innovación

Ao abeiro do servizo SmartPeme e coa colaboración da Fundación Roberto Rivas, a Deputación de Pontevedra lanzou o novo Programa de Apoio ao Emprendemento, Creceamento Empresarial e Innovación, que se desenvolverá entre os meses de setembro e decembro.

As bases xa están publicadas no BOPPO. Nesta edición todas as iniciativas emprendedoras que participen poderán optar á I edi-

ción dos Premios ao Emprendemento SmartPeme que, cunha contía total de 10.500 euros, galardará as mellores experiencias empresariais que nazan no marco deste programa.

O programa fórmase mediante tres eixos vertebradores: a primeira aceleradora de empresas multi-sectorial SmartPeme; o primeiro programa de crecemento empresarial; e a quinta aceleradora do sector turístico.

A ópera galega "Papagena" representarase en seis concellos da provincia

Papagena está baseada en dous personaxes da obra "A fruta máxica" de Mozart, é ópera galega en galego, busca reflexionar sobre os clichés de xénero, está dirixida a todos os públicos, especialmente ao adolescente, e quere achegar esta modalidade musical a espazos onde non é habitual a súa representación. Trátase da ópera electrónica que a Deputación e a produtora Butaca Zero estrearán o vindeiro día 10 no emblemático escenario das Ruínas de San Domingos de Pontevedra para levala despois a outros cinco concellos da provincia: O Grove, Caldas, Tui, Gondomar e Bueu.

O potente elenco que vai protagonizar a obra está formado pola soprano Esperanza Mara, o barítono Jacobo Rubianes e o propio autor da peza, Iago Herme, que estará dirixíndoos en escena.

Trala estrea o 10 de setembro, ás 21.30 horas, nas Ruínas, a obra percorrerá posteriormente outros cinco concellos: O sábado 24 de setembro representarase no Grove; o domingo, 9 de outubro, en Caldas de Reis; o venres, 21 de outubro, chegará a Tui; o sábado, 5 de novembro, a Gondomar e a última función será o 19 de novembro en Bueu. A entrada require de inscrición previa no correo participa.cultura@depo.es.

Yolanda Díaz | Vicepresidenta Segunda do goberno

“As esquerdas españois teñen que darse unha amnistía se queren que gobernemos en 2023”

A continuación reproducimos parcialmente a entrevista realizada por eldiario.es á Vicepresidenta Segunda Yolanda Díaz e publicada o día 04/09/2022

“Non hai nada que tense máis a vida da xente que non poder facer a cesta da compra, e isto está a pasar no noso país”, asegura a vicepresidenta do Goberno, que culpa ás “marxes empresariais” de parte da subida de prezos: “Alguén aquí estase enriquecendo polo camiño e está a utilizar a guerra”.

Para frear estas subidas, Yolanda Díaz quere chegar a un acordo coas grandes distribuidoras e os consumidores para “topar os prezos dunha cesta de produtos básicos” como o pan, o leite, os ovos ou a froita. “Os oligopolios do noso país non só están no sector bancario ou no enerxético, temos cinco grandes distribuidoras de alimentación que concentran o 50%”.

Yolanda Díaz tamén alerta da división nos partidos de esquerdas, e do risco que iso supón para as próximas eleccións. “Eu vou a lugares nos que dá igual o que uno pense: é que levan mal, é que están todos enfadados con todos, é que non hai racionalidade, é que nin sequera se escoitan”. E para frear esta división propón “unha amnistía” nas esquerdas “se queren que gobernemos en 2023”.

Díaz asegura nesta entrevista que o Goberno de coalición non romperá antes das eleccións, que seguirá despois e que fará “todo o posible para que Feijóo non entre na Moncloa”. Mesmo se abre a pactar listas conxuntas co PSOE nalgúns circunscricións ou para o Senado, aínda que cre que “o Partido Socialista non está maduro para esta realidade”. “Son unha muller sempre transfronteiriza, ás veces facemos das

siglas un fetiche”.

Vai ser candidata a presidir o Goberno nas próximas eleccións xerais?

Non tomei aínda esa decisión, pero cando a tome, comunicareina. **De que depende? Por que non o decidiu xa?**

Do proceso cidadán que puxemos en marcha e, sobre todo, de escoitar que arrinquei. O que máis me atrae é o proxecto de país que queremos levantar colectivamente. Estamos a vivir nunha sociedade española do século XXI con receitas que miran cara atrás, cara ao século XX; necesitamos repensar o país. Imos presentar este mes varios grupos de traballo que van proxectar o país que queremos. Quero primeiro ese gran bosquexo dunha España que é moderna, feminista, ecoloxista, nova, dinámica... que é a realidade que temos. E despois ver cal é a recepción e as inquietudes da xente. E con todo ese traballo, tomarei unha decisión.

Que aprendeu nestes primeiros encontros do seu ‘proceso de escoita’?

O modelo que deseñei foi moi controvertido, desde a propia denominación. Non é un nome: é un proceso dialogado. Son unha especialista en diálogo social e é unha ferramenta que funciona. Sempre dixen que o importante do diálogo social é que é un proceso. A min gústame que todo o diálogo social acabe con acordo, pero o importante é que todas as voces estean e configuren as normas, aínda que despois non cheguen a acordos. O proceso de escoita é algo semellante. A miña primeira escoita, que foi con mozas, coincidiu na semana do debate do estado da nación. Eran 40 mozos cunha formación extraordinaria, quedei perplexa. E o primeiro que me dixeron é que os temas que a eles preocupábanles non foran tratados no debate

“Farei todo o posible para que Feijóo non entre na Moncloa”

sobre o estado da nación.

Cales eran eses temas?

A profundidade da emerxencia ecolóxica e climática e a convicción de que estes cambios han de ser sociais. Un deles díxome: “Yolanda, non imos cambiar nada ata que fagamos que a emerxencia climática estea nos postos de traballo, estea nunha caixa dun supermercado, que ela tome como propia a necesidade de tomar as rendas a un cambio que é dunha profundidade brutal, que está a cambiar as nosas vidas”.

Que fará se decide finalmente que non vai ser candidata á presidencia do Goberno? Deixará a política? Volverá a Galicia?

Había xornalistas onte que cando me viron na miña terra, en Galicia, díxanme que lles daba medo porque pertenzo a alí. Teño unha pulsión sen resolver, todos os días penso en Galicia. Tamén quero dicir con franqueza que teño unha responsabilidade e unha única certeza: que son unha muller progresista e vou contribuír todo o que poida, ben sexa na política activa ou desde o meu despacho de avogados, como fixen moitas veces.

A política non se acaba no Parlamento. Tamén pode estar nun despacho de avogados laboristas.

Veño dunha casa na que mo ensinaron moi ben e, é máis, faise moita máis política nas AMPAS dos nosos fillos, ou nos colexios profesionais de avogados e avogadas, ou de médicos, que na política institucional. Pero o que quero transmitir é que todo o que eu poida achegar para que Feijóo e a extrema dereita non gobernen A Moncloa vou facer. Nisto si son clara.



Que fixo mal o Goberno para que o PP lidere todas as enquisas?

Neste goberno, como todos os gobernos ou todos os seres humanos, non somos perfectos. Cometemos erros. Creo que no Goberno de España fixemos moitísimas cousas que teñen unha relevancia brutal. Empezando pola lei de eutanasia, a lei da infancia, a lei do cambio climático, a lei da formación profesional ou todo o que ten que ver co Ministerio de Traballo. Somos un goberno pioneiro en Europa coa transición ecolóxica e coas políticas de Traballo. As dúas grandes directivas que están agora mesmo debaténdose beben das fontes das achegas do Ministerio de Traballo.

É moi curioso como se ve moi ben en Europa e aquí non tanto.

É verdade tamén que existe un malestar social. Vimos dunha xestión dunha pandemia brutal e agora estamos co impacto dunha guerra, que é real. A inflación entra todos os días polas nosas casas, está a golpear a toda a sociedade española. Ás preguntas que se lle formulan no CIS e noutros institutos demoscópicos, á xente dicir: “Como está a situación económica en xeral?” E responden: “Fatal”. Pero, como está a súa? “Bo, a miña máis ou menos”.

Hai unha diverxencia enorme entre a percepción xeral da economía e a situación individual.

Sei moi ben que a política son sensacións. Non é o que parece ser ás veces. Isto ás veces os políticos non o entenden. O Goberno ten que ter a altura de miras

para achegarse e ter comprensión co que está a pasar. Díxeno no seu momento: os produtores teñen razóns para saír á rúa. E desde logo, fai falta esa proximidade para que a xente senta abrazada. A política tamén é isto. E tomar medidas que inflúan. Por exemplo, non estamos ante unha crise de demanda, non é isto o que está a provocar a inflación.

Non é que de súpeto se estea consumindo moito máis.

Nin moito menos. O dato é claro: os salarios subiron ao 2,56% e a inflación, ao 10,4%. Ergo os salarios son vítimas da inflación, non son os causantes dela. Pero estes días, cos traballos que realizaron a COAG [Coordinadora de Organizacións de Agricultores e Gandeiros] e os consumidores no noso país, vemos o agravio e a afectación que ten. E non é só pola subida de prezos nos hidrocarburos: tamén polos prezos da alimentación. Polos oligopolios que temos no noso país, que non só están no sector bancario ou no enerxético. Temos cinco grandes distribuidoras que concentran o 50%.

Cre que unha das razóns desa subida de prezos está aí, na concentración en poucas mans do sistema de distribución de alimentos?

Isto é un factor de risco. Véñennos advertindo da concentración bancaria, véñennos advertindo do factor oligopolio que temos coa enerxía. E aquí tamén pasa isto. Aos produtores compranlles as laranxas a 15 céntimos,

Continúa na páxina seguinte...

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Luis López Diéguez | Presidente do PP Pontevedra e Delegado da Xunta de Galicia

"As nosas prioridades son recuperar a Deputación e asegurar as vitorias de Feijóo e Rueda"

Luis López Diéguez (Rodeiro, 1978) foi elixido en xullo pasado como novo presidente do PP pontevedrés, substituíndo así ao actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda. Alcalde de Rodeiro durante dez anos, onde é popularmente

coñecido como "O Lugués", López Diéguez traza como metas recuperar para o PP a Deputación de Pontevedra, propiciar o cambio en España con Alberto Núñez Feijóo e asegurar con Rueda a quinta maioría absoluta na Xunta de Galicia.

Acaba de ser nomeado como presidente do PP de Pontevedra. Substitúe así a Alfonso Rueda, actual presidente da Xunta. Que retos se presentan nesta nova etapa?

Presenteime ante os afiliados do PP con tres obxectivos claros e ambiciosos: seguir reforzando as xuntas locais do partido nos 61 concellos, coa mirada postas nas municipais do ano próximo; contribuír desde esta provincia ao cambio necesario en España con Alberto Núñez Feijóo; e, por último, pero non menos importante, revalidar a quinta maioría

absoluta en Galicia en 2024 con Alfonso Rueda.

Gañando nos concellos conseguiremos devolver á Deputación un

"A Deputación converteuse nunha institución ao servizo da propaganda de Carmela Silva"

Eleccións Municipais 2023. Pode o PP desbancar ao PSdeG-PSOE da Deputación de Pontevedra?

Non vai ser unha tarefa fácil, pero é posible. Desde o PP non renunciaremos a ningunha alcaldía. Traballaremos para trasladar os bos resultados conseguidos nas últimas eleccións autonómicas a todos os concellos da provincia.

gobierno que aposte porque esta institución volva á súa esencia, que é dar resposta e apoio aos pequenos e medianos concellos da provincia. Nestes anos a Deputación converteuse nunha institución ao servizo da propaganda de Carmela Silva.

Eleccións Xunta 2024. Ve factible a quinta maioría absoluta consecutiva para o PPdeG?



A cidadanía galega leva anos apostando pola estabilidade e o crecemento que garante o Goberno do Partido Popular na Xunta. E a nosa intención non é outra que facelo ben, e seguimos traballando desde Galicia, para e por Galicia sen descanso. E si o facemos ben, iso querrá dicir que volverán a apoiarnos e seguirán apostando por quen ofrece solucións e respostas aos principais retos e necesidades dos galegos.

Foi alcalde do Concello de Rodeiro. Que balance pode realizar desta etapa?

Foi unha época moi ilusionante da que gardo grandes recordos.

Para un apaixonado da política municipal coma min, ser alcalde do teu concello durante dez anos, traballar para mellorar a vida dos teus veciños e manter ese contacto diario coas persoas é moi satisfactorio.

Finalmente, moitos o coñecen a Vde. como "o lugués". Pode comentarnos por qué?

É o alcume da familia, como se nos coñece en Rodeiro. Alí non son Luís López, son o Lugués, coma o meu avó, meu pai e o meu irmán. Se preguntas por Luís López quizáis ninguén me recoñeza, agora ben, como O Lugués, non hai dúbida.

... Ven da páxina anterior.

e os cidadáns pagámolos a 1,48 euros. As patacas páganse aos produtores do noso país ao redor de 18 céntimos e estanse vendendo a 1,35. O allo chega aos supermercados cun incremento de case o 800%. É unha barbaridade. Alguén aquí estase enriquecendo polo camiño e está a utilizar a guerra. Isto está a pasar e fai imposible a vida da xente. Neste sentido, estou a traballar para que exista un acordo coas distribuidoras e os consumidores no noso país. Un acordo que consista en determinar unha cesta de produtos básicos, ao redor de 20 ou 30 produtos, nos que, como fixemos co gas e outras materias, topemos os prezos. 20 ou 30 produtos que son básicos: o leite, o pan, os ovos, a froita...

Entendo que consistiría en definir primeiro unha cesta de produtos básicos de primeira necesidade para a alimentación, cunha dieta equilibrada...

Equilibrada e sa. ...e pactar coas grandes distribuidoras que iso non pode subir de determinado prezo.

E cos consumidores.

Falamos de incrementos do 500%, de 575%. Son datos públicos. Non pode ser. Está claro que aquí alguén está a facer negocio. **E atopouse coa colaboración desas grandes distribuidoras de alimentos?**

Aínda non nos reunimos, imos facer. O Goberno de España está a tomar moitas medidas no sector enerxético, estamos a gravar cun imposto creado ex novo, unha figura tributaria, ás entidades financeiras, pero hai que dar un paso máis porque a alimentación é imposible. Lévoa dicindo, fago a compra con normalidade e a xente ten razón para estar molesta. Hai que actuar coas marxes empresariais. Non o digo eu, dío o Banco de España. Acábanos de dicir no seu informe que a actu-

ración nas empresas creceu en España un 45%. E os beneficios creceron o 62%. Por tanto, di o Banco de España, hai marxe para actuar nos beneficios empresariais. E paréceme que na situación que temos é o que hai que facer.

É vostede a primeira ministra de Traballo que se pon ao lado dos traballadores e dos sindicatos fronte á patronal nun asunto tan importante como a negociación dos salarios. Por que o fixo?

Tamén o fixen cos produtores e os gandeiros cando saíron á rúa. E por que o fixen? Fíxeno porque os sindicatos teñen razón e porque os sindicatos están a defender o interese xeral. Os sindicatos aquí non están a actuar de parte. Eu son unha ministra que fixo 14 grandes acordos sociais. Podía facelos prescindindo da patronal e non quixen facelo. Cando a patronal española ten razón, deílla. E cando os sindicatos



teñen boas ideas, tamén lla dou. Nesta ocasión, creo que os sindicatos teñen razón e non defenden interese de parte. Están a defender o interese xeral da economía do noso país: 17 millóns de asalariados no noso país.

Estes días ninguén sabía en España, ou non se acordaban, que a patronal se levantou o 5 de maio da mesa da negociación

colectiva. Desde entón non houbo negociacións?

Ningunha. E por tanto pedinlles que volvan á mesa. A patronal española, ten que estar á altura: ten que revalorizar os salarios. Rexistráronse en xullo tan só 450 convenios colectivos, o que indica é que se está bloqueando a negociación deses convenios e isto é malo para o noso país.

Continúa na nosa web novasdoeixoatlantico.com



Concertos de Xisco Feijoo e Santi Araujo nas Festas de Setembro de Ponteareas

O Concello de Ponteareas ven de presentar un intenso e programa cultural, deportivo e de lecer para este mes de setembro, no que se celebran as festas dos Remedios, do 8 ao 11, e San Miguel, do 29 de setembro ao 2 de outubro.

No ámbito musical, ademais das actuacións das Bandas de Música de Xinzo e Guláns e as orquestras Miramar, La Favorita, Cocktail, Pontevedra, Os Satélites, Combo Dominicano, Charleston Big Band, Garibaldi e Los Players terán lugar os concertos de Santi Araujo, Xisto Feijoo, Dakidarría e Uxía Lambona e a Banda Molona, ademais da música clásica da Orquestra Vigo 430.

Santi Araujo, Ponteareán que des-



taca no panorama musical co seu último disco "Suelta / Muerde" no que participan Leonor Watling ou Anni B Sweet, actuará o día 9 ás

nove da noite na praza Fernández Vega.

Xisto Feijoo, cantante, premiado bailador, coreógrafo, presentador de televisión, mestre da ETRAD e coordinador da sección de canto da OFG SonDeSeu, dará un concerto na Feira Vella o sábado 17, día do LV Concurso de Gaitas do País.

Dakidarría, banda referencia da música contestataria galega con enerxía e adrenalina nos concertos, o venres 30 na Feira Vella, Uxía Lambona co seu espectáculo familiar, domingo 2 de outubro no auditorio, ou a Orquestra Vigo 430 coa música de cámara, o xoves 8 no Castelo de Sobroso, completan un programa para públicos e gustos diversos e en dintintos espazos.

setembro

8 xov

19h Desfile de **xigantes e cabezudos**.

19h Castelo de Sobroso. Concerto dun cuarteto de corda da **Orquestra Vigo 430**.

21:30h Praza Fernández Vega. Concerto da **Banda de Música A Unión de Guláns**.

22:30h Praza Maior. Actuación da **Orquestra Miramar**.

9 ven

17h Animación nas rúas.

21h Praza Fernández Vega. Concerto de **Santi Araujo**.

22:30h Praza Maior. Actuación da **Orquestra La Favorita**.

10 sáb

Dende as 10h. XIV Feira Tradicional dos Remedios e XXXV Festival Folclórico do Condado.

11h Mercado Municipal. **Obradoiro de cociña** para nenas e nenos.

23h Praza Maior. Actuación da **Orquestra Cocktail**.

11 dom

Dende as 10h, centro urbano. **Trofeo Ciclista Festas de Setembro, II Gran Premio Borja Gómez Méndez**.

De 12h a 20h Rúa Braña. **Tobogán acuático**.

21h Animación musical nas rúas.

22h Praza Maior. Actuación da **Orquestra Pontevedra**.

16 ven

18:30h Praza da Música. **loga na rúa**.

17 sáb

10h Praia Fluvial da Freixa. **Etap final do Circuíto Galego de Augas Abertas**.

A continuación, **xornada festiva na Freixa**.

11h Mercado Municipal. **Obradoiro de cociña** para nenas e nenos.

17h Praza Maior. **Basket na rúa 3x3**.

LV Concurso de Gaitas do País.

16h Centro urbano. **Ruada dos grupos participantes**.

17h Sala Multiúsos do Auditorio Municipal. **Concurso**.

21h Parque da Feira Vella. Concerto de **Xisco Feijoo**. AGADIC 3€

18 dom

10h Saída e meta na Praza Bugallal. **Volta Ciclista a Galicia. Etapa final**.

23 ven

20h Parque da Feira Vella. **Obradoiro de costura de supervivencia**

24 sáb

11h Mercado Municipal. **Obradoiro de cociña** para nenas e nenos.

25 dom

12h Visita teatralizada ao **Castro de Troña**.

28 mér

19h Desfile de **xigantes e cabezudos**.

22h Actuación da **Orquestra Os Satélites**.

29 xov

11h Xardíns da Xiralda. Concerto da **Banda de Música Xuvenil de Xinzo**.

13:30h Praza Bugallal. Lanzamento de **Globos de San Miguel**.

17h Visita teatralizada ao **Castro de Troña**.

21h Praza Bugallal. **Circo de fogo**.

22h Praza Maior. Actuación da **Orquestra Combo Dominicano**.

30 ven

19h Praza Bugallal. **Parkour** Obradoiro e parkour park.

21h Parque da Feira Vella. Actuación de **Dakidarría**.

22h Praza Maior. Actuación da **Orquestra Charleston Big Band**.

outubro

1 sáb

18h Animación nas rúas.

19h Parque da Feira Vella. **O Alalá da Unión**. Banda de Música Unión de Guláns.

21h Praza Bugallal. Actuación da **Orquestra Garibaldi**.

22:30h Praza Maior. Actuación da **Orquestra Los Players**.

2 dom

18h Sala Multiúsos Auditorio. **Uxía Lambona e a Banda Molona**. AGADIC 3€

21h Parque da Feira Vella. Actuación de **Monoulous DOP**.

Actos relixiosos

8 de setembro, 20h, misa solemne e procesión.

29 de setembro, 12h, misa solemne e procesión.